

BOTE POLBEIRO DE BUEU

LIMIAR

Antes de describir gráfica e expresamente as características de esta embarcación, cómpre, destacar o papel que tivo no noso porto, na vida e economía das familias de Bueu. Importancia imposta polas faenas a que foi adicado, pesca do polbo, de alí toma o nome. Cómpre tamén solñar, o que supuña a pesca do polbo na Ría de Pontevedra e no porto de Bueu.

Este barco, hoxe completamente desaparecido, que xa é peza mu-seable; foi elemento intrínscico dos nosos mariñeiros adicados a pesca do cordel, esos... "mariñeiros e labradores"... Que refire Real de Legos do Marqués da Ensenada, que compaxinaban as faenas do mar, fundamentalmente a pesca do polbo, coas labouras do campo. Condicións de vida propiciadas ata por ordenanzas reais.


Nas ordenanzas de pesca para a Provincia de Pontevedra de 1.768 atopamos esta curiosa disposición:

"Item ...se encarga muy particularmente a todos los marineros matriculados procuren el aumento de la Marinería inclinando a sus hijos desde pequeños y aún a los pobres y huérfanos del País, al ejercicio de la pesca..."

está constatado fehaciente e documentalmente o empuxe, que en datas devanceiras tivo o Porto e Ría de Pontevedra cara o mar; tanto en movemento de marcancías, como na pesca. Basta para recordalo a sinxela descripción que nos fai o Licenciado Bartolomé Sagrario de Molina en 1.550 na Descripción del Reino de Galicia.

"...Luego en otra Ría está la gran Villa de Pontevedra, que es el mayor pueblo de Galicia y de gente rica por la mayor parte, es grande la pesca y principalmente la sardina que en este pueblo Hay, y en tanta cantidad que acaece muchos años apreciarse la que llevan los navíos que de aquí salen en ochenta mil ducados, de que se provee toda la Andalucía y Reino de Valencia y Sicilia y más

BOTE POLBEIRO DE BUEU



adelante. Júntase aquí en esta Villa una gran Cofradía de todos los mareantes de estas costas que suben de dos mil cofrades, que es la Cofradía del Corpo Santo”.

Lucas Labrada coincreta mais, refiriéndose as sardiñas dí:

”...cuando se vendía a cuatro maravedíes el ciento producía a sus pescadores la enorme cantidad de 80.000 ducados...”

Nesta potencia pesqueira, confirmamos o protagonismo que tiña a pesca do polbo, sobre outras artes, tamén de cordel, a abundancia de documentos regulamentando a pesca e captura de dita especie, como atopamos en ”Documentos para la Historia de Pontevedra” de Casto Sampedro e nas Ordenanzas da Cofradía do Corpo Santo, que no ano 1.542 os Vicarios e Mareantes ordenaban e advertían:

”...que ningún Polbeiro ansi de la Villa de pontevedra, como de marín e de toda terra do morrazo, e combarro e samieira, e rajó e sangenjo, e portonovo e aldán, no sean osados de andar a los polbos de seis brazas para adentro en toda la ría de pontevedra e aldán, so pena de perder los aparejos o que se le queme el barco...”

Disposicións parecidas, e regulamentando os meses de veda e artellos de pesca, atopámolas nas ordenanzas de 1.563, 1.564, 1.568 e 1.750. As Ordenanzas de Pesca para a Provincia de Pontevedra de 9 de abril de 1.768, dispuñan:

”...para coger pulpo usan algunos anzuelos, que son perjudiciales porque destruyen la cría, por cuyo motivo se declara que solo se debe pescar el pulpo con raña y el que hiciere lo contrario incurra en pena de 300 maravedíes.

Nos meses de veda, abril, maio e xuño, tiñan que trocar o caranguexo por unha espiga de millo, pois así o dispuñan as ordenanzas da Cofradía e a norma 5ª do título I das Ordenanzas Xerais.

No diccionario Histórico de las artes de la Pesca Nacional (1.792), de Sañez Reguart, na voz "Espiga de Maiz", cáseque concreta o uso da espiga o noso porto, dí:

"En los Puertos de las costas de Galicia, tales como Bueu, Sela, y también en los de Asturias, cuyas inmediaciones abundaban pulpos, sus pescadores en defecto de cebo para pescarlos con cangrejo, xibia o de algunos peces, usan solo una Espiga de Maíz..."

Comentando con un vello polbeiro se había utilizado a espiga de millo como engado, dixo que sí, pero que non daba resultado, pois moitas veces o polbo conseguía arrincar grans e escapaba, e despois non voltaba a liña.

Sañez Reguart, destacando a importancia que tiña a pesca do polbo nas nosas Rías, na voz "RAÑA", presenta unha relación de capturas en diversos portos da Provincia de Pontevedra, departamento que comprendía tamén os portos da ribeira norde da Ría de Arousa, e dí que no ano 1.787 pescáronse 14.040 quintales de polbo vendidos a 100 reales o quintal. Nesa relación aparecen os portos de Bueu e Veluso con 960 quintales. Teñamos en conta que o quintal equivalía a 46 arrobas e a arroba a 11,50 kilos.

Nas notas aclaratorias a este apartado, Reguart di algo moi curioso:

"La docena se compone de 18 pulpos y cada tres docenas se vende por un quintal".

Engade que o quintal son 104 arrobas castellanas. Coido que isto debe ser un erro.

Esta capacidade pesqueira que albiscamos dos datos referidos, queda refrendada polas capturas de dito molusco rexistradas na lonxa de Bueu, que acadan e ata rebasan os 500.000 kilos anuais, cifra importante, tendo en conta os días que iban o mar, e que eran pescados peixe a peixe, con raña.

Aqueles 100 quintales que nomeaba Lucas Labrada en 1.804, na súa descripción Económica de Galicia, quedan moi superados.

Entre os anos 1.930 e 1.955 o precio do polbo moveuse entre 2 pesetas a cubeta -6 kilos- a 6 pesetas kilo.

Na recopilación de datos, que sobre Bueu fixo D. Xosé M.^a Estévez, cita que no ano 1.873, cóntanse 73 botes, e no ano 1.955 había en Bueu 610 embarcacións entre botes, dornas e traineras ademáis de 385 chalanas e 36 barcos de 8 a 70 H.P. Non concreta o número real de botes polbeiros. Outras constatacións de vellos mariñeiros do oficio, din que nos anos 1.930 a 1.955, poidera acadar moi cerca de cento, o número de botes polbeiros.



Foi nos derradeiros anos da década de os cincoenta, cando escomezou o seu debalo, por fuxir os nosos mariñeiros a outros caladeiros e a outras artes de pesca. Foron esmorecendo. Vin con pena como moitos se desfacían na praia, e algúns, estalar en queixidos nas fogueiras de San Xoán.

Nembargantes, a pesca do polbo persisite hoxe no oso porto, anque con outras embarcacións e en mais cativas cantidades.

A embarcación

O bote polbeiro de Bueu, sen ser exclusivo do noso porto, era onde máis abundaba en todas as Rías Baixas, e si había algún en outros portos era cáseque anécdota, e adicados a outros mesteres que a pesca do polbo, e con algúns variantes que o diferenciaban; sin ser outra embarcación, era distinta, e distintos, os seus pertrechos. Esta embarcación impuxo noutros portos nome propio, "Bote de Bueu".

E unha embarcación de dúas proas con arquitectura simétrica e nunha proporción de eslora dobre de manga. Pantoque moi baixo, cáseque a ras da quilla. Esta arquitectura faino un barco moi panzudo, e de extraordinaria estabilidade, apropiado para o tipo de faenas que vai desenrolar, a pesca do polbo con raña.



Os datos e medidas a que nos vamos a referir, tanto no redactado como nos gráficos, son os de un bote que se conserva no Museo Massó, que ten unhas medidas xerais de 4 metros de eslora, 1,80 m. de manga e 0,55 de puntal.

Dentro destas proporcións, de eslora dobre de manga, movíase o bote polbeiro de Bueu, entre 13 e 17 cuartas, -3,5 a 5,5 metros-.

A proa lixeiramente lanzada, ten unha diferenza entre verticais de 55 a 65 cm. na roda, e da quilla a o remate da obra morta, 82 cm de altura.

Sobre a obra morta, a roda, sale 27 a 30 cm.

A popa, tamén presenta unha pequena inclinación do codaste con 31 cm. de diferenza entre verticais, e 71 cm. de altura da quilla o remate da obra morta, elevándose un pouco sobre o medio da embarcación.

Esta liña de construción faino un barco moi mariñeiro e arrufado.

Casto Sampedro dí: "Los botes de Beluso y Bueu usan vela latina y llámanles "galos", por la arrogancia con que cruzan el mar".

Normalmente, a quilla, atopando pau axeitado, e de unha soia peza, pois a distancia entre verticais, queda reducida a 2,90 m. En botes de máis eslora, empalmábase no medio. Leva 16 caderñas, con dúas maestras. As caderñas son en tres pezas, a "barenga" que apoia na quilla, fai o "pantoque", e escomenza a curva do costado, e os "madeiros" que solapándose 20 cm. co remate da "barenga", soben ata o remate do costado, como apoio da posible regala, que non leva.

Nas primeiras caderñas de proa e popa, os madeiros van ata a quilla. Banceado a tope, a roda e o codaste levan un rebaixe sobre o que se rematan os bancos. Por debaixo do corredor do costado, unhas correas que suxetan as caderñas.

Este bote presenta a seguinte distribución de proa a popa: tilla, medio, cadeira, pana e chopeta.


A tilla e unha parte de 1,60 m. de largo dende a roda e con certa inclinación para os costados "-brusca-". A 47 cm. da roda está o "talmo" de proa, escotilla trapezoidal de acceso a tilla, anque tamén se entre polo "medio", por a porta corredeira situada no batiporte, para o costado de babor.

Na cobertura da tilla, a 1,20 m. da roda, ten a "fogonadura", dividida en dúas seccións polo "mollete". Pola fogonadura entra o palo ata a "pica", peza que vai apoiada nas cadernas do fondo da tilla.


Despois da tilla, por babor e estribor, sigue un corredor de 25 cm. de ancho que remata na "chopeta", cativa cobertura na popa, que aproveitando a inclinación do codaste, fai o "cofo", con portuña para a pana.

O "medio", ten 65 cm. ata o primeiro banco; en este espacio peñado, e donde desenrola súas faenas de pesca o mariñeiro de proa. A continuación de esta cavidade, con unha medida de 40 cm. ven a "cadeira", separada do "medio" por unha bancada e batiporte, despois de ésta, ven a "pana", que e a cavidade para o mariñeiro de popa, e igoalmente separada da cadeira, por unha bancada e batiporte.

Xusto no medio do bote, nos costados de babor e estribor, leva as remaduras, que destacan sobre o costado 18 cm. De xeito trapezoidal, miden as bases 60 e 40 cm., alargándose a base da remadura 20 cm. hacia a proa, para poder poñer a estaquiña das liñas. A 80 cm. d remadura de proa, e 67 cm. do codaste, a altura da cavidade da pana, leva outra remadura mais pequena, sen destacar sobre o costado, chámase de popa ou da estaca. Esta remadoira mide 50 cm.



Curvas de cuadernas medio proa



Curvas de cuadernas medio popa

Planos aportados por D. Benigno Fernández Moledo, Carpinteiro de Ribeira e derradeiro na construción de Botes Polbeiros.

Esta embarcación aparelha unha vela mística, tamén chamada "guaira" e de "pico", que neste bote de referencia ten 8 m² de superficie. Antigamente, usaban a vela latina, mais polos anos 30 escomenzou a aparecer esta vela mística, e con ela chegaron ata os derradeiros anos. (Para detalles ollar planos).

O palo e a verga destas embarcacións, tiñan o mesmo longo que a eslora do barco, neste caso 4 m.

O palo, entra pola "fogonadura" ata a "pica", e co "mollete" e as cuñas dásele a inclinación para navegar co vento daquel intre.

Embérgase a vela e suxétase a gasa do martelo no gancho de barlovento da roda.


Pásase a "ostaga" pola "nos" do palo, e tríncase a verga; coas "drizas" ízase o punto conveniente por sotavento do palo, pásase a escota, e xa se pode navegar. Se o vento e moito cócese un, dous ou tres rizos, neste caso, como hai que vaixar a verga, e coa forza do vento separárase do palo, tríncase a éste coa "troza". Cando o vento e moito, aínda sendo este un barco mariñeiro e arrufado, limitábanse a facer un simple "bolso" coa vela, e viñan por ahí abaixo buscando o porto.

Para virar e cambear a vela no bote polbeiro, pásase a escota por proa do palo, sóltase o martillo do gancho da roda, xírase a verga, tamén por proa, cámbese o martillo a outra amura, e as drizas a outro costado, cobramos escota, e rematada a maniobra.

As primeiras cadernas de proa, sobresaen a 7 cm. sobre a cinta do costado, chámanse "cabernas".

Na actualidade as cabernas utilízanse para facer firme algunha liña ou cabo. Pero ese detalle de construción que se mantivo ata os derradeiros anos, nace co uso da vela latina, para que a relíngase metera por dentro da caberna e o arriar a vela non fora o mar.

VELA DO BOTE POLBEIRO



Algunhas velas, ese tramo de relinga, de proa ata rebasar a caberna, tíñano recuberto con un coito que non rompera por o rozamento.

Pertrechos

OS REMOS.- Esta embarcación, e sobre todo, neste oficio da pesca do polbo, usan sempre un grande remo cruzado, de xeito que, o remo de babor, de ''-couse'', trabállase coa man esquerda, e o de estribor, de ''-arca'', coa man decita.

Este remo de 4 m. de longo, vai en dúas pezas, ''guión'' e ''pà'', empalmados no medio. A pa e conca. A situación da ''orquilla'' e da ''enchama'', faino un remo moi compensado, para sacalo da agua co mínimo esforzo, e a vez moita palanca, e de ter en conta, que estas embarcacións, eran frecuentemente manexadas por un soio home, e eran pesadas. O remo cruzado, ademáis de mais palanca, dalle a facilidade de que, cando o mariñeiro está atendendo as liñas, se por inercia do barco marchan os guións para a proa, él agántaos co seu corpo, e traballando a favor de corrente, o atender as liñas ou unha metida de peixe, para evitar que as pás véñanse a proa, poñen no banco do medio un pau dereito, que o tropezar nél os guións cruzados, nos deixa marchar a popa. A este pau chámanlle o ''compañeiro''.

POUTADA.- Este arteluxio de fondeo, e a expresión mais rudimentaria de ancora, e non deixa de ser un exponente da escasez económica destes mariñeiros, pois por non poder mercar un rizón de ferro, facían este arteluxio co pedazo dun poste, unha táboa lixeiramente corvada e afiada nas puntas, e duas varas de retama ou trepeza de carballo. A táboa levaba dous furados separados 15 cm., e a mesma distancia das puntas, por eles metíanse as varas, que se cruzaban por arriba do poste que se lle metía no medio en cruz coa táboa, trincábanse as varas apretando o poste.

LIÑA.- Un cordel de 25 ou 30 brazas, de cáñamo ou de esparto, que se usaban blancas ou encascadas.

RAÑA.- Arteluxio formado por un pausiño plano, chamado "cambelo", de 15 cm., e un pelouro de pedra un pouco plana e redondeada polos cabos, que se unía en cruz co cambelo.

GARABETA.- Unha raña con cambelo en galla e que normalmente leva anzós nos brazos da galla.

CEBEIRO.- O cebeiro, cibeiro, sebeiro, que todos eses nomes recibe, Casto Sampedro chámalle "can", pero a min parécese mais axeitado cebeiro, ou cibeiro, responde mellor o seu étimo, e a súa semántica, pois trátase dun artiluxio para ceibar as liñas cando quedan atrancadas nun laño. Consiste nun pau de 80 ou 90 cm. de longo, que no medio leva trincada unha pedra alargada. Nos cabos do pau, ten uns cordeles que permiten facer un xeito de argola.

O funcionamento de cebeiro é o seguinte: Cando unha liña queda presa, con outra liña átase o cebeiro, e cos cordeles dos cabos de pau faise unha argola o redor da liña atacada. Déixase cair por ela abaixo o cebeiro, para que, ao chegar o fondo, déalle un tirón e desatranque a raña. Soe funcionar, pero si así non ocorrera e non houbera forma de soltar a liña, hai que pensar en recuperar a máxima cantidade de liña, e úsase a "estronca", que consiste en baixar pola liña presa, outra liña con un nú floxo, pero que o asocan dende abordo, e, ao tirar forte, rompe a liña atrancada por debaixo do nú, co cal, anque perdan a raña, aproveitan a liña.

BOUZA.- Un toriño de pau a xeito de pala fariñeira, con unha asa na parte de atrás, moi axeitada para achicar a auga entre as cadernas.

CUBETA.- Un balde de xeito de tronco de cono invertido, e en algúns casos, unha delas era mais longa e facía de asideiro. A cubeta foi, durante longos anos, elementos de medida, e equivalía aproximadamente a 6 kilos de polbo.

CHIQUEIRO.- Recepente en tronco de pirámide cuadrangular, no que a táboa de atrás alargábase facendo outra asa, usábase para achicar a auga que entraba a bordo.

CABACEIRO.- Sempre queixón pequeno, no que a tapa de arriba leva unha táboa que se abre, as bisagras eran un pedazo de coiro. Servía para gardar os caranguexos, por iso as táboas estaban furadas, para que entrara a auga cando lles daban de beber.

GANAPAN.- Un pau de 90 cm., con dúas gallas que se cerran facendo un aro, no que se ata unha bolsa de rede.

A pesca do Polbo

De mañán, cedo, antes de albiscar o día van chegando os polbeiros o muelle ou a praia, algúns deles, tiñan chalana para acercalos o fondeadeiro do bote, e os primeiros que chegaban, volvían a praia e levaban a outros. Na penumbra da mañá empezaban a marchar espallándose pola ría, na busca dos seus caladeiros.

Os que iban para Travesa, Illa, Udra, e incluso os da Serra, saían bogando ata remontar o Cabalo, que lles entrase o madrugadeiro fresquiño do nordeste, e, entón izaban o palo o botaban a vela.

Os que iban para a "ría", Loureiro, Agrelo, Portomaior, Lapamán e o Santo, a pouco de salir do muelle, xa botaban as liñas, e iban pescando. Se iban a vela, ou levaban compañeiro, na travesía, iban preparando as liñas, amarrándolle coa "fieira" un caranguexo vivo a cada raña. As rañas poden levar, un pau ou unha galla, cando e galla, soie levar tamén dous anzós, -rañóns-, que anque o polbo non morde o anzó, teñen a función de anganchalo por algún raxos e intenta fuxir; método que non sempre funciona, pois hai veces que escapa, aínda tendo rañóns. O número de liñas dependía, lóxicamente, do número de tripulantes; si era un soio levaba dúas ou tres, si eran dous botaban catro.

Situado no "mar", polas señas secretas que cada un tiña; disparaban as liñas coas rañas polos costados alonxándoas o mais posible do bote, por iso, medio en broma, medio en serio, eu digo que o polbo péscase a pedradas. Bogando con calma, íbanas arrastrando polo fondo. Co seu especial tacto, moi sensíbele a cámbeco de peso ou resistencia das liñas, sabían cando había pegado un polbo.

Tamén podían atascarse a liña nun laño, ou nun carrameiro, mais o pescador de polbo, pola dondez da liña, sabe si ten polbo ou está atascada.

O agarrarse un polbo, daban un golpe de remo ciando, do costado da liña con peixe, para evitar que o izala se meta debaixo do bote e escape. Axiña, ála a liña sin dar tiróns, ata a fror de auga, e alí cóllese o polbo co ganapán. Pois o polbo, mentras está no seo da auga, non extraña o elemento e anque o estén izando, non se solta da raña, no seu afán de comer o caranguexo. Xa o polbo a bordo cóllese pola capeleira, e con un espicho de pau dásele mor-te, clavándolle na boca, entre os raxos.

Este sistema de traballo, no que tiñan a veces, cáseque sempre, que beirear as pedras de fondo da ría, dalles a os nosos mariñeiros, un grande coñecemento do releve do fondo. Saben con exactitude donde está cada pedra, cada petón, cada baixo e a forma e tamaño que teñen.

De unha a dúas da tarde, recollen liñas e escomenzan a arribar o porto, e con elo o espectáculo mais fermoso, e irrepetible xá, na nosa Ría. O chegar a esa hora da tarde,... ¡Cántas veces, contem-plei desde o alto da Graña a chegada dos botes polbeiros!.

Co noroeste das primeiras horas da tarde, ollábase de súpeto inzar a Ría de puntiños brancos, que a maneira que se acercaban iban tomando forma. Mirábanse cinguir na bolina os que viñan do fondo da ría, os largo e empapados, procedentes da Illa e Cabicastro, e co vento de través os que pescaran na Serra.


Anque as velas eran de un só cór, todas mais ou menos brancas, estando contemplando o espectáculo da chegada, en compañía de meu tío Xosé María, polbeiro de toda a vida, decíame: aquel que ven da Travesa e Juan o Pato, está arriando agora Guiño, aquel de fora e Vilar, o Beleo ven da sera. Eu abraiado, pois para mín eran tódos iguais. Sempre me causou profunda admiración esa facultade, de aqueles curtidos mariñeiros, de identificarse uns a outros

PETRECHOS DO BOTE


POLBEIRO



Troza



Poutada




Ganapan



Cebeiro

Raños




Cambelo

Pandullo


Raña



Garabeta




Liña



Chiqueiro



Cubeta



Cabeceiro

pola vela. Que si aquel tiña a vela un pouco mais escura, si o outro tiña un rememndo no pico, si a de Juan era nova do trinque, etc. En cada unha descubrían unha particularidade que as personalizaba, e que eles distinguían a longa distancia. Os botes todos pintaban igual, os baixos de patente bermella, e a obra morta en azul.

Si era fermoso, ver brotar na lontananza aqueles puntiños brancos, espallándose pola ría, e poñerse en movemento, mais fermoso era velos chegar, converxendo no porto donde todos os ventos, disputándose a última baliza. O premio, ben poidera ser, unha mellor tanda de venda, un real mais en kilo.

A miña primeira experiencia navegando a vela, foi nun bote polbeiro. Lémbrome, que sendo rapaz de 13 ou 14 anos, nas vacacións de verán, iba con meu tío Xosé María, algún que outro día a pesca do polbo, e o que máis me ilusionaba, e quizais o que me movía a ir, era a volta en vela, pois sempre me deixaba levar a caña. E ledo recordar, como lle facía trampa. Cando me daba un punto de referencia a que aproar, si él de descuidaba, aproaba a un punto mais lonxe, co mero afán de navegar máis tempo.

Manuel Aldao